

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 11 de decembro de 1982 foi subscrito, polo ICONA e a Comunidade de Negradas, o Convenio do monte "DE NEGRADAS", 2715565.

2º.- Que o 4 do mes en curso, a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por esta reunida en Asemblea Xeral o pasado 16 de marzo, acordou a súa vez:

- propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a aprobación dhnas novas Bases para o Convenio do monte "DE NEGRADAS", 2715565, que inclúisen as 432 Hás. xa conveniadas e 63 Hás. da súa pertenza, rasas na actualidade, que aportaban de novo e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura das novas Bases.

3º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior, a repoboación forestal dos terreos que agora se incorporan, a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas ou das que se creen no futuro, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

4º.- Que en consecuencia, o novo monte "DE NEGRADAS", 2715565 queda constituído por:

432 Hás. do monte "DE NEGRADAS", 2715565 e
63 Hás., rasas, que se aportan de novo.

5º.- Que as superficies do monte "DE NEGRADAS",
2715565, son:

superficie total.	432 Hás.
superficie repoboada.....	419 "
superficie inforestal.....	13 "

Como á Comunidade aporta:

superficie total.....	63 Hás.
superficie rasa forestal.....	62 "
superficie inforestal.....	1 "

as superficies que para o monte figuran nas novas
Bases do Convenio, son:

superficie total.....	495 Hás.
superficie repoboada.....	419 "
superficie rasa forestal.....	62 "
superficie inforestal.....	14 "

6º.- Que tal e como desexa a Comunidade propietaria as
zonas rasas na actualidade serán repoboadas con P. pinaster,
P. radiata e frondosas nos terreos aptos para elas.

Á vista de todo elo, esta Xefatura proponlle a V.E.:

Que se aprobe o Convenio das seguintes
características:

Nome: "DE NEGRADAS".

Elenco: 2715565.

Superficie: 495 Hás.

Pertenza: Comunidade de Negradas.

Termo municipal: Guitiriz.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 17 de abril de 1997.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de modificación das Bases do convenio do Monte Veciñal en Man común "De Negradas" de forma que as 432 Has. xa conveniadas se suman 63 Has. rasas que se aportan de novo e a vista dos informes, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación da devandita modificación do convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 1997.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL. -

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

Que se aprobe o Convenio coas seguintes características:

Nome: "DE NEGRADAS".

Elenco: 2715565

Superficie: 495 Ha.

Pertenza: Comunidade de Negradas

Termo municipal: Guitiriz

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interes sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 1997.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL;



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

CONVENIO

N.º	271	5565
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ**, por Delegación do Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ Orde do 13.12.1993.

Da outra, D. **ELADIO PEÑA LOPEZ** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE NEGRADAS"** segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **23 de Outubro de 1.964** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Negradas, termo municipal de Guitiriz**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE NEGRADAS".**

Termo municipal: **Guitiriz**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte en mán común pertencente a Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Negradas, termo municipal de Guitiriz.**

Límites: **(Figuran en folla adxunta)**

N.:

S.:

L.:

O.:

Superficie: **495 (CATROCENTAS NOVENTA E CINCO) Hás.**

Estado forestal: **419 (CATROCENTAS DEZANOVE) Hás. repoboadas, 62 (SESENTA E DUAS) Hás. zonas forestais e 14 (CATORCE) Hás. inforestais.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **----**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **419 (CATROCENTAS DEZANOVE) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **76 (SESENTA E SEIS) Hás.**

Servidumes: **----**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños da parroquia de Negradas, termo municipal de Guitiriz**

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **432 Hás. do monte "CORDAL DA SERPE",**
LU-3253.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1ª apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o por cento, e a comunidade propietaria, o por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de trinta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrixe o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrixe antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster e P. radiata e frondosas en solos aptos para elas.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILO FERNÁNDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO :

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "NEGRADAS", veciños da parroquia de Negradas, concello de GUITIRIZ.— Rexistrados co número 0454.— Data do rexistro 24-02-1995.

2.— Que, así mesmo, figura Don ELADIO PENA LÓPEZ, e Don HIGINIO RODRÍGUEZ ANDÓN, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica 6 20-12-98.

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo, a 7 de abril de 1997.



Don HIGINIO RODRIGUEZ ANDON, Secretario da Comunidade de Negradas, termo municipal de Guitiris.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 16 de Marzo de 1.997 estando designado Don ELADIO PENA LOPEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Negradas (Guitiris) a oito de Abril de mil novecentos noventa e sete.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Eladio Pena

O PRESIDENTE,

Asdo.: Eladio Pena López.

Higinio Rodriguez Andon

Asdo.: Higinio Rodriguez Andón.

D. TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Eladio Pena

Asdo.: Eladio Pena López.

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (O.do13/12/93)

D. Eladio Pena López
D. Higinio Rodríguez Andón.
D. Avelino Martínez Martínez.
D. Maximino Andón Pena.
D. Angel Seijas Martónes.

En Negradas, termino municipal de Guítiriz, siendo las trece horas del día 4 de Abril de 1.997, se reunen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Negradas, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la citada Comunidad reunida en Asamblea General el pasado 16 de Marzo, acuerdan a su vez:

1ª.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la aprobación de unas nuevas Bases para el Convenio del monte "DE NEGRADAS", 2715565, que incluyan las 432 Hás. ya conveniadas y 63 Hás. de su pertenencia en mano común, rasas en la actualidad, con lo que las características del nuevo monte pasan a ser:

Nombre: "DE NEGRADAS".

Elenco: 2715565.

Superficie: 495 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

N.- Monte de los vecinos de Vilar;
E.- Más monte en mano común y propiedades particulares de los vecinos de Negradas;
S.- Monte "DE ANAFREITA", 2715645 y
O.- Provincia de La Coruña.

PARCELA II.-

N.- Propiedades particulares de los vecinos de Negradas;
E.- Montes "DE MIRAZ", 2715634 y "DE ANAFREITA", 2715645;
S.- Monte "DE ANAFREITA", 2715645 y
O.- Más monte en mano común y propiedades particulares de los vecinos de Negradas.

PARCELA III.-

N.- Monte de los vecinos de Vilar;
E.- Monte de los vecinos de Miraz;
S.- Propiedades particulares y
O.- Más monte de la Comunidad de Negradas.

2ª.- Autorizar a su Presidente para la firma de las nuevas Bases de Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra la presente Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Eladio Pena
Avelino Martínez

doncésimo Andoy

Angel ~~Sei for~~ Martinez

Haga por favor

PARCELA I.-

- N.- Monte dos veciños de Vilar;
- L.- Mais monte en mán común e propiedades particulares dos veciños de Negradas;
- S.- Monte "DE ANAFREITA", 2715645 e
- O.- Provincia de A Coruña.

PARCELA II.-

- N.- Propiedades particulares dos veciños de Negradas;
- L.- Montes "DE MIRAZ", 2715634 e "DE ANAFREITA", 2715645;
- S.- Monte "DE ANAFREITA", 2715645 e
- O.- Mais monte en mán común e propiedades particulares dos veciños de Negradas.

PARCELA III.-

- N.- Monte dos veciños de Vilar;
- L.- Monte dos veciños de Miraz;
- S.- Propiedades particulares e
- O.- Mais monte da Comunidade de Negradas.

- - - - -